ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU19022

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Administración e xestión xudicial de activos

CONVOCATORIA: Xornada Administración e xestión xudicial de activos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	7
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/10/2019 - 08:00h ao 07/10/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal desta xornada é dar a coñecer a situación legal dos activos intervidos xudicialmente no marco dos procedementos penais así como as distintas ferramentas e posibilidades de xestión, administración e realización que se atopan ao dispor das unidades xudiciais, coa finalidade de optimizar a xestión de ditos patrimonios.
Para acadar este obxectivo, analizarase o marco legal de referencia e a divulgación de boas prácticas que nesta materia están a levarse a cabo na Unión Europea. En particular, afondarase no coñecemento da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORGA) e o Servizo de Xestión de Bens Mobles Intervidos ao Narcotráfico en Galicia (SXB), recursos ao servizo das unidades e profesionais da Administración de xustiza e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado en Galicia.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Marco Legal. Lexislación de referencia.
- A Administración de Activos desde o ámbito da Fiscalía.
- A Administración de Bens desde a perspectiva da Audiencia Nacional.
- A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos. Características, implantación e funcionamento en Galicia.
- Servizo de xestión de Bens Intervidos ao Narcotráfico en Galicia (SXB). Características, implantación e funcionamento en Galicia.
- Experiencia e visión da incautación de bens dende as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Experiencia e visión dende a Administración de xustiza.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o aforo do local.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 08/10/2019 a 08/10/2019
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
SALON DE ACTOS: O día 08 de outubro de 09:30 a 13:45. O día 08 de outubro de 16:00 a 18:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		